UNIDADE 12 RESUMO

Recorda

.

- *En Grecia a lei, que aparece como limitación do poder da autoridade para protexer de arbitrariedades aos cidadáns, debía estar publicada.*
- *Distínguense tres tipos de leis:* ῥῆτραι *(compromisos recíprocos),* θεσμοί *(regulacións globais) e* ψηφίσματα *(decisións sobre casos individuais). Non se acepta a prisión como pena.*
- *En Atenas había dous tipos de tribunais: do criminal (o Areópago) e o xurado popular (a Heliea). Non existía un fiscal ou ministerio público. Os acusadores debían ser particulares. O acusado defendíase a si mesmo.*
- *En Esparta había dous sistemas xudiciais: arbitral e eforal.*
- *A filosofía moderna non só herdou dos gregos unha terminoloxía, senón toda unha maneira de conceptuar o mundo.*
- *Hai varios procedementos de creación do vocabulario filosófico: termos do vocabulario corrente, adxectivos substantivados para formar abstractos, derivados con sufixos específicos (*-ία, -σις, -της, -ικος), compostos e combinación de composto e derivado.
- *Para comentar un texto débense seguir varios pasos: lectura, localización, tema, estrutura, análise da forma partindo do tema e conclusión.*
- *A conclusión do comentario debe conter un resumo e unha opinión persoal. No resumo deben concentrarse os aspectos máis importantes das deducións obtidas na análise do texto.*